

## **Pérez Herraiz critica a falta de respostas da Confederación Hidrográfica no tocante ao Regadío do Val de Lemos**

A deputada socialista pola provincia de Lugo denuncia que non se sabe nada do plan de viabilidade anunciado polo Ministerio de Agricultura no ano 2013 para este regadío

Lamenta a falta de resposta a outras cuestión presentadas, entre as que destacan as posibles solucións aos problemas que están a sufrir os membros da Comunidade de Regantes

O PSOE estase a comprometer coa situación de abandono na que se atopa o regadío, por iso ven de solicitar á Xunta de Galicia que asuma o arranxo destas pistas, cuxo estado está a afectar notablemente aos veciños

**MONFORTE DE LEMOS, 18 DE FEBREIRO DE 2015.-** A Deputada socialista - Margarita Pérez Herraiz- critica a falta de resposta por parte da Confederación Hidrográfica no tocante ás preguntas presentadas na Mesa do Congreso dos Deputados sobre o regadío do Val de Lemos.

Pérez Herraiz sinala o silencio do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no relativo á súa cuestión sobre o plan de viabilidade anunciado no ano 2013. Segundo a deputada lucense "este silencio fai supoñer que non se fixo nada".

A socialista destaca tamén a falta de resposta no tocante ao número de traballadores do regadío, as relacións coa Comunidade de Regantes e as posibles vías de solución aos problemas que estes están a ter dende hai anos, como a posibilidade de fraccionar o pago da súa débeda.

### **Desentendemento dos problemas do regadío**

No eido dos problemas que sofre a Comunidade de Regantes, o PSOE da provincia de Lugo vén de denunciar nestes últimos días, o abandono e o desentendemento da Confederación Hidrográfica no tocante ao estado destas pistas.

Por iso, solicitaron ao Goberno da Xunta de Galicia que asuma o seu arranxo a través dun acordo coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Esta petición dá resposta ás múltiples peticións dos veciños afectados por esta situación preocupante, xa que estas vías, que se atopan nun estado pésimo, están a causar graves problemas ao elevado número de vehículos, maquinaria agrícola e viandantes que circulan por elas.